

TRASLADO DE LOCAL

Debido á grande demanda nos nosos servizos e actividades, consideramos que é o momento óptimo de seguir nuns locais máis amplos e mellor acondicionados; todo isto nos permitirá axilizar a demanda, ofertar unha atención con maior calidade e presentar novos proxectos.

A continuación, indicamos as ubicacións dos novos locais:

- **A CORUÑA: Rúa Juan de la Cierva, 5.**
- **SANTIAGO DE COMPOSTELA: Rúa José Angel Valente, 9. Conxo**

Mandarémosvos un comunicado oficial, pero os vosos terapeutas tamén vos comunicarán as datas nas que comezaredes nos novos centros.

CONFERENCIAS DANIEL MILLÁN

Daniel Millán López, licenciado en **Psicología Clínica y de la Salud** e con máis de 15 anos traballando con persoas con Autismo, vai a impartir unhas conferencias sobre o TEA en colaboración con **ASPERGA en A Coruña**.

A primeira, enfocada a persoas con TEA e familias de persoas con TEA, levarase a cabo o 15 de setembro de 17:00 a 20:00.

A segunda, enfocada a profesionais e centrada na introducción ao diagnóstico diferencial, realizarase o sábado 16 de setembro, de 9:30 a 14:00 e de 16:00 a 20:30.



SÓ OS INSCRITOS E CONFIRMADOS PODEN ASISTIR.

ACTIVIDADES ASPERGA

Nas vindeiras semanas, vai a dar comezo as actividades de ASPERGA, nas cales vos poderedes **PRE-INSCRIBIR** para poder obter a praza.

Intentamos ofertar a maior variedade posible para que todos/as teñades a oportunidade de desfrutar e participar, é por iso que, non dubidedes en anotarvos!

Algunhas das actividades que vamos a realizar durante os vindeiros meses, serán as seguintes (engadiremos algunha máis):

- Running
- Pádel
- Fútbol
- Escalada
- Monitor de entrenamiento persoal
- Taller Comunícate
- Taller Adultos/as no Espectro
- Xuntanza Social
- *Natación
- *Activa o teu corpo

RUNNING

En ASPERGA sempre queremos ofertar máis variedade de actividades, é por iso que lanzamos RUNNING. Como serán os adestramentos? Os grupos serán reducidos polo que o nivel adaptarase a cada un de xeito individual.

- **Lugar:** Avenida de Oza (ASPERGA)
- **Idade:** a partir de 14 anos
- **Horario:** martes e xoves de 19:30 a 20:30
- **Prezo:** 20€
- **Data de comezo:** martes 19 de setembro
- **Prazas limitadas!**



FORMS: <https://forms.gle/m8LPWic4qfjneRga8>

PÁDEL


Despois do éxito de participación no programa Proba e Goza do Pádel en formato mensual, animámosvos a continuar practicando este deporte.

Proba sen compromiso, se despois de dúas sesións non che gusta, saíranche de balde.

Actividade aberta a usuarios/as, socios/as, familiares e amigos. Para todas as idades a partir de 8 anos.

- **Lugar:** A1 Pádel Rúa Galileo Galilei, 36, 15008 A Coruña. Conexión línea de bus urbano: 11.
- **Horario:** Luns de 16:30 a 17:30 ou de 17:30 a 18:30.
- **Prezo:** 35 euros.
- **Data de comezo:** Luns 18 de setembro
- **Prazas limitadas!**

FORMS: <https://forms.gle/Em3taxQ4FRJxEqVF8>



FÚTBOL

Volve o ASPERGA TEAM! Volven os adestramentos do mellor equipo de fútbol. Estamos de pretempada polo que as datas e horarios son para o **MES DE SETEMBRO**.

Actividade aberta a usuarios/as, socios/as, familiares e amigos/as de ASPERGA. Para todas as idades a partir de 14 anos.

- **Lugar:** IES Monte das Moas (Rúa José María Hernansáez, 23, 15009 A Coruña)
- **Horario:** martes e xoves de 16:00 a 18:00
- **Prezo:** gratuito o MES DE SETEMBRO
- **Data de comezo:** xoves 7 de setembro
- **Prazas limitadas!**

FORMS: <https://forms.gle/WzpBeZN3S2XUqxvt5>

ESCALADA

Escalada é unha opción ideal para probar un novo deporte e desfrutar dunha experiencia diferente. **Proba sen compromiso**, se despóis de dúas sesións non che gusta, sairanche de balde.

Actividade aberta a usuarios/as de ASPERGA. Para todas a idades a partir de 8 anos.

- **Lugar:** AMI (Rúa Padre Sarmiento, 8, 15005 A Coruña o en Polideportivo Multiusos de la Ciudad Deportiva de Riazor).
- **Horario:** martes de 16:30 a 17:30
- **Prezo:** 35 euros.
- **Data de comezo:** martes 19 de setembro.
- **Prazas limitadas!**

FORMS: <https://forms.gle/Q6CFUYrm4e6TBmmF9>



MONITOR DE ENTRENAMENTO PERSOAL

Poderás ir cun grupo reducido (máximo 5 persoas) ou facer un plan totalmente individualizado. Tamén dependendo da dispoñibilidade do adestrador poderás elixir ti a hora e o día.

- **Lugar:** Al pádel (Rúa Galileo Galilei, 36, 15008 A Coruña.
Conexión línea de bus urbano: 11)
- **Idade:** a partir de 14 anos
- **Horario:** mercores e venres de 16:00 a 18:00
- **Prezo:** 1 sesión individual ao mes: 60€, sesións grupais(+2 persoas) mensuais 20€, sesións soltas (baixo dispoñibilidade do profesional) 20€
- **Data de comezo:** mercores 20 de setembro
- Prazas limitadas!

FORMS: <https://forms.gle/fCm887K8dyybsZqw7>

ESTE IMPORTE NON INCLÚE A CUOTA DO XIMNASIO



TALLER: COMUNÍCATE

Este taller de comunicación está enfocado a adolescentes e adultos CON TEA, e ten o obxectivo de mellorar as habilidades de comunicación verbais e non verbais.

Haberá dous grupos:

- Adultos (maiores de 18 anos)
- Adolescentes (de 12 a 17 anos)

Este taller **desenvolverase de forma quincenal.**

É **GRATUITO**

Serán os **mércores de 18:00 a 19:00.**

Comeza o **4 de outubro e será o turno dos adultos.**

FORMS: <https://forms.gle/5e3iUV94YqmBKZYd6>



TALLER: ADULTOS/AS NO ESPECTRO

Únete ao taller onde mais persoas diagnosticadas de TEA na idade adulta, conversan, comparten vivencias e se brindan apoio. Cada sesión aborda un tema diferente, todos eles relacionados con situacións e vivencias que habitualmente se dan en persoas dentro do espectro

- **Gratuito**
- **Realizarse unha vez ao mes**
- **Duración:** 1h (de 20:00 ata 21:00)
- **Maiores de 20 anos**
- **Prazas limitadas!**
- **Primeira sesión:** 20 de setembro.

FORMS: <https://forms.gle/t2yhMfPVwlabFAw46>



XUNTANZA SOCIAL

En ASPERGA, creemos que é moi positivo compartir os nosos gustos e afición, é por iso que volvemos a lanzar XUNTANZA SOCIAL, pero esta vez, cun enfoque diferente.

Os grupos estarán organizados por temáticas ou intereses. A continuación, mencionamos algúns, pero no formulario tamén podedes engadir algún vos:

- **Gamers:** xogar a algún videoxogo no mesmo sitio
- **Ocio e cultura:** exposicións, museos, etc
- **Xogos de mesa:** virus, munchkin, catán, carssonne, risk, etc
- **Xogos de bar:** bolera, fútbolín, billar, dardos, etc

Os participantes poderán estar en tantos grupos como eles queiran, en un, dous, tres ou nos catro. Cada temática realizarase **un martes ao mes**, é dicir, **cada grupo reunirse unha vez ao mes**.

FORMS: <https://forms.gle/wGHb3XzYypzxcg98x8>

APOIO EDUCATIVO/PEDAGOXÍA SANTIAGO

En Santiago de Compostela, abrimos un novo servizo de pedagogía e apoio educativo, para primaria, ESO e Técnicas de Estudo.

Podedes solicitar máis información en info@asperga.org | 881 165 157

*NATACIÓN E ACTIVA O TEU CORPO

Estas actividades están pendentes de confirmación, pero podedes poñervos en contacto coa persoa que as organiza para solicitar máis información:

Borja de la Puente / 881 917 318 / deporte.asperga@asperga.org

DES-PEGUE, VIVENDA TUTORIZADA

Dende ASPERGA, trasladámosvos a nova de que o noso piso baixo supervisión terapeuítica conta con 3 prazas para poder acceder a vivir nela.

Nesta vivenda, traballase en diferentes áreas a través de dous itinerarios personalizados: un individual, que se axusta ás necesidades e expectativas de cada usuario/a, e outro grupal, que involucra ao resto dos participantes no proxecto.

Se estás interesado/a, podes solicitar información en:
881 91 73 18 | asperga@asperga.org

BECAS “OPORTUNIDADE AO TALENTO” PARA UNIVERSITARIOS CON DISCAPACIDADE

Fundación ONCE lanzou a décima edición das súas bolsas ‘Oportunidade ao Talento’, un programa dirixido a apoiar a formación universitaria, a especialización e a carreira académica e investigadora das persoas con discapacidade e promover así a súa inclusión laboral en empregos técnicos e altamente cualificados.

Destinatarios:

Persoas estudantes de ciclos formativos de grao medio e superior, así como estudantes universitarios que teñan nacionalidade española e unha discapacidade legalmente recoñecida igual ou superior ao 33%.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o **29 de setembro de 2023**.

LIGAZÓN: <http://xuventude.xunta.es/component/k2/item/26213-bolsas-oportunidade-ao-talento-para-universitarios-con-discapacidade>

150 BOLSAS FUNDACIÓN UNIVERSIA 2023-2024 PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Fundación Universia convoca bolsas para estudantes con certificado de discapacidade de grao igual ou superior ao 33%, para así impulsar o seu acceso e progreso académico en igualdade de oportunidades. Este programa de bolsas promove a educación inclusiva e de calidade.

Inscripcións ata **o 2 de outubro de 2023**

LIGAZÓN:

<https://www.coruna.gal/informacionxjuvenil/gl/convocatorias/bolsas-e-axudas/detalle-bolsas/150-bolsas-fundacion-universia-2023-2024-persoas-con-discapacidade/suceso/1453843524242>